

Proposta para a asignación de despachos libres basada en escalón e antigüidade.

1. Para determinar a antigüidade dun membro do persoal docente e investigador da FIC teranse en conta sucesivamente os seguintes criterios:
  - A. En primeiro lugar terase en conta o corpo ou categoría a que pertence e o lugar que esta ocupa na prelación de corpos e categorías establecida no punto 2 desta normativa. A estes efectos, terán a mesma prelación todos os corpos e categorías integrados en cada un dos nove grupos nos que se ordena dita prelación.
  - B. En segundo lugar terase en conta o tempo de permanencia na UDC dentro da categoría ou categorías integradas nun mesmo grupo de prelación. A estes efectos, computarase conxuntamente o tempo de permanencia en todos os corpos e categorías dun mesmo grupo. No grupo noveno terase en conta todo o tempo de permanencia como docente na UDC.
  - C. No caso de que os anteriores criterios fosen insuficientes para determinar a respectiva antigüidade de dous ou máis membros do PDI, terase en conta o tempo de permanencia como docente na UDC. Se fose idéntico considerarase máis antigo quen teña o grao de doutor, e se o tivesen ambos, o de maior idade.
  
2. Os grupos nos que se clasifican os corpos e categorías aos efectos da aplicación do criterio de antigüidade exposto no artigo anterior son os seguintes, por orde de prelación:
  - 1º) Pertencen a este grupo :
    - a) Os catedráticos de universidade en activo.
    - b) Os profesores eméritos que se xubilaron como catedráticos de universidade.
  - 2º) Pertencen a este grupo :
    - a) Os profesores titulares de universidade.
    - b) Os catedráticos de escolas universitarias.
    - c) Os profesores eméritos que se xubilaron como profesores titulares de universidade ou catedráticos de escolas universitarias.
  - 3º) Pertencen a este grupo :
    - a) Os profesores titulares de escolas universitarias.
    - b) Os profesores contratados doutores.
  - 4º) Pertencen a este grupo:
    - a) Os investigadores contratados ao abeiro do programa *Ramón y Cajal, Parga Pondal* ou outros equivalentes.
    - b) Os asociados LRU doutores que non compatibilicen outra actividade fóra da universidade.
    - c) Os profesores funcionarios interinos.
  - 5º) Pertencen a este grupo:
    - a) Os profesores colaboradores.
    - b) Os asociados LRU non doutores que non compatibilicen outra actividades fóra da universidade e os lectores LRU asimilados.

6º) Pertencen a este grupo os profesores axudantes doutores.

7º) Pertencen a este grupo os axudantes LOU.

8º) Pertencen a este grupo:

a) Os profesores asociados LOU.

b) Os asociados LRU que compatibilicen outra actividade fóra da universidade.

9º) Pertencen a este grupo:

O restante persoal docente e investigador contratado non integrado en corpos ou categorías asimilados aos anteriores.